



# NÓMINA 2024

Dep. Legal Ou - 60/97

COD.	CONCEPTO	GRUPO A2		GRUPO A1	
		MESTRES	F.P.	SECUNDARIA	CÁTEDRA
11	<b>SOLDO</b>	1.119,41	1.119,41	1.294,60	1.294,60
52	<b>C. DESTINO</b>	552,56	680,45	680,45	815,04
54	<b>C. ESPECÍFICO<sup>(1)</sup></b>	727,24	727,24	727,24	785,59
	<b>TOTAL</b>	<b>2.399,21</b>	<b>2.527,10</b>	<b>2.702,29</b>	<b>2.895,23</b>
12	<b>TRIENIO</b>	40,63	40,63	49,83	49,83
52	<b>C. 1º CICLO ESO</b>	127,89			

  

PAGAS EXTRAS				
<b>SOLDO</b>	816,41	816,41	798,88	798,88
<b>TRIENIO</b>	29,62	29,62	30,76	30,76

(1) O profesorado que teña dereito a percibir o complemento por *función titorial*, verá incrementado o complemento específico en **56,01€**.  
**Pagas extraordinarias:** soldo da extra + trienios da extra + complemento de destino + complementos específicos.

## COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE

O profesorado que teña **sexenios** verá incrementado o Complemento Específico Docente (54) do seguinte xeito:

1º .....	76,03	Con 1 .....	76,03
2º .....	97,76	Con 2 .....	173,79
3º .....	130,36	Con 3 .....	304,15
4º .....	184,65	Con 4 .....	488,80
5º .....	54,30	Con 5 .....	543,10

**Subas do IPC:** 1,6%; 1,1%; 1,2%; 0,8%; -0,5%; 6,5%; 5,7%; 3,1% en 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023.

**Pagas extras:** Seguen, e non podemos entender o por que, diminuídas desde 2010 (soldo e trienios) e tivemos reducións en 2013, 2014, 2015 e 2016.

O "acordo marco", asinado no 2021 di: para o 2024, o incremento salarial fixo será do 2%, sobre a base das retribucións xa incrementadas no exercicio anterior.

Adicionalmente á subida do 2024, se a suma da variación do IPCA dos anos 2022, 2023 e 2024 superara o incremento retributivo fixo acumulado de 2022, 2023 e 2024 dos parágrafos anteriores, aplicarase un incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5%. Este incremento adicional tería efectos do 1 de xaneiro do 2024.

## Retribucións 2024

Desde o 1 de xuño do 2010, onde sufrimos a 1ª redución dos nosos salarios nun contexto de crise, estamos a padecer unha drástica e **irrecuperable** perda do noso poder adquisitivo debido a:

- Sucesivas **conxelacións das nosas nóminas** en 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.
- Subas de nóminas: 2020 (2% + 25€/mes c.e.); 2021 (30€/mes c.e.); 2022 (3,5%); 2023 (2,5%).

## DESCONTOS (14 cotas anuais)

	GRUPO A1	GRUPO A2
MUFACE	51,68	40,68
(1,69% do Haber regulador)		
PASIVOS	118,04	92,90
(3,86% do Haber regulador)		

## RETENCIÓN DO IRPF

Se desexas coñecer con exactitude o tipo de retención que che corresponde, podes pasar por calquera sede do STEG, xa que varía segundo as retribucións anuais e o número de fillas/os.